



# Obrigas de condicionalidade que deberán respectar os solicitantes das axudas da PAC

## Ámbito de benestar animal





## BENESTAR ANIMAL TENREIROS

### ➤ Directiva 2008/119/CE do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativa ás normas mínimas para a protección de tenreiros (artigos 3 e 4)

76. Non se mantén encerrado a ningún tenreiro de máis de oito semanas de idade en recintos individuais, a menos que un veterinario certificara que a súa saúde ou comportamento require que se ille para que poida recibir un tratamento, que a explotación mantén menos de 6 tenreiros ou que os animais se mantéñen coa súa nai para ser aleitados.

77. Os tenreiros mantéñense en recintos para grupos ou, cando non sexa posible, consonte co expresado na obriga anterior, en recintos individuais que cumpran coas dimensións mínimas da Directiva 2008/119/CE:

- a. Aloxamentos individuais para tenreiros: anchura polo menos igual á altura do animal á cruz estando de pe, e a súa lonxitude polo menos igual á da lonxitude do tenreiro medida dende a punta do nariz ata o extremo caudal do isquion e multiplicada por 1,1.
- b. Aloxamentos individuais para animais non enfermos: deben ser tabiques perforados que permitan contacto visual e táctil directamente entre tenreiros.
- c. Espazo mínimo adecuado na cría en grupo: 1,5 m<sup>2</sup> (menos de 150 kg.) 1,7 m<sup>2</sup> (220 kg > peso en vivo ≥ 150 kg), 1,8 m<sup>2</sup> ( ≥ 220kg).

Esta obriga non se aplica a explotacións de menos de 6 tenreiros nin a animais que son mantidos coa súa nai para ser aleitados.

78. Os animais son inspeccionados como mínimo unha vez ao día (os estabulados dous veces ao día).

79. As cortes constrúíronse de tal xeito que todos os tenreiros poidan tenderse, descansar, levantarse e limparse sen perigo.

80. Non se ata aos tenreiros (coa excepción dos aloxados en grupo, que poden ser atados durante períodos de non máis dunha hora no momento da lactancia ou da toma do produto substitutivo do leite). Si se ata aos tenreiro (no caso exceptuado), as ataduras non causan feridas, e están deseñadas de tal forma que se evite todo risco de estrangulación ou ferida e que se inspeccionan periodicamente.

81. Os materiais que se utilizan para a construción das cortes e equipos cos que os animais poidan estar en contacto non son nocivos para os animais e se poden limpar e desinfectar a fondo. Límpanse e desinféctanse de forma adecuada para previr infeccións cruzadas e a aparición de organismos patóxenos, e que as feces, os ouriños e os alimentos non consumidos ou vertidos retíranse coa maior frecuencia posible para evitar os olores e a posibilidade de moscas e roedores.

82. Os solos non son escorregadizos, non presentan asperezas e as áreas para deitarse os animais están drenadas correctamente e son confortables.

83. Os tenreiros de menos de dous semanas dispoñen de leite adecuado.

84. Dispónse de luz natural ou artificial entre as 9 e as 17 horas. Os sistemas eléctricos instaláronse de modo que se evita calquera descarga.





85. Os tenreiros reciben, polo menos, dous racións diarias de alimento, e cada tenreiro ten acceso ao alimento ao mesmo tempo que os demais, cando os tenreiros están aloxados en grupo e non son alimentados a vontade por un sistema automático.
86. Os tenreiros de máis de dúas semanas de idade teñen acceso a auga fresca adecuada, distribuída en cantidades suficientes, ou que poden saciar a súa necesidade de líquidos mediante a inxestión doutras bebidas.
87. Cando faga calor ou os tenreiros estean enfermos dispoñen de auga apta en todo momento.
88. Os tenreiros reciben costro tan pronto como sexa posible tras o nacemento, e en todo caso nas primeiras seis horas de vida.
89. A alimentación dos tenreiros contén o ferro suficiente para garantir neles un nivel medio de hemoglobina de polo menos 4,5 mmol/litro.
90. Non se pon bozo aos tenreiros.
91. Proporcionase a cada tenreiro de máis de dúas semanas de idade unha ración diaria mínima de fibra, aumentándose a cantidade de 50gr. A 250 gr, diarios para os tenreiros de 8 a 20 semanas de idade.

#### **PORCINO**

➤ **Directiva 2008/120/CE, do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativa ás normas mínimas para a protección dos porcos (artigos 3 e 4)**

92. As porcas non están atadas.
93. Leitóns destetados e porcos de produción. A densidade de cría en grupo é adecuada: 0,15 m<sup>2</sup> (ata 10 kg), 0,20 m<sup>2</sup> (entre 10-20 kg.), 0,30 m<sup>2</sup> (entre 20-30kg.), 0,40 m<sup>2</sup> (entre 30-50 kg.), 0,55 m<sup>2</sup> (entre 50-85kg.), 0,65 m<sup>2</sup> (entre 85-110 kg.) , 1,00 m<sup>2</sup> (máis de 110 kg).
  - a. Os locais de estabulación para os porcos constrúense de forma que:
  - b. Os solos serán lisos, pero non escorregadizos, para evitar danos aos porcos e se deseñarán, construírán e coidarán de forma que non lles causen dano o sufrimento. Serán adecuados ao tamaño e ao peso dos porcos e, se non se equipan con leitos de palla, formarán unha superficie rixida, plana e estable.
  - c. Os animais poden ter acceso a un área de repouso, comfortable dende o punto de vista físico e térmico, adecuadamente drenada e limpa, que permite que todos os animais se deiten ao mesmo tempo.
  - d. Os animais poden descansar e levantarse normalmente.
  - e. Ver outros porcos; non obstante na semana anterior ao momento previsto do parto e durante o mesmo, as porcas e as porcas xoves poderán manterse fora da vista dos animais da súa mesma especie.
94. A superficie de solo dispoñible para cada porca ou cada porca xove despois da cubrición, criadas en grupo é polo menos 1,64 metros cadrados/porca xove e 2,25 metros cadrados por porca despois da cubrición (en grupos inferiores a seis individuos, a superficie do solo incrementárase polo menos nun 10% e cando os animais se crían en grupos de 40 individuos ou máis, pode diminuírse nun 10%).
95. Para porcas e porcas xoves durante o período comprendido entre as catro semanas seguintes á cubrición e os sete días anteriores á data prevista de parto, os lados do recinto superan os 2,8 m no caso de que se manteñan en grupos, o os 2,4 metros cando os grupos son inferiores a seis individuos, e en explotacións de menos de 10 porcas e mantidas illadas, poden darse a volta no recinto.





- a. Detrás das porcas ou das porcas xoves, deberá acondicionarse un espazo libre para permitir un parto de forma natural ou asistida. As celas de parto nas que as porcas nas que as porcas libres podan moverse libremente deberán contar co dispositivos de protección dos leitóns, como barrotes. Cando se utilice unha parideira, os leitóns deberán dispor de espazo suficiente para poder ser aleitados sen dificultade.
96. Para porcas xoves despois da cubrición e porcas xestantes, criadas en grupo. Da superficie total, o chan continuo compacto ofrece polo menos 0,95 metros cadrados / porca xove e 1,3 metros cadrados/porca, e que as aberturas de evacuación ocupan como máximo, o 15% da superficie do solo continuo compacto.
97. Para porcos criados en grupo, cando se utilicen chans de formigón emparrillados, a anchura das aberturas sexa adecuada á fase produtiva dos animais (non supera: para leitóns 11 mm; para leitóns destetados, 14mm; para porcos en produción, 18 mm; para porcas e porcas xoves despois da cubrición, 20 mm), e que a anchura das viguetas é adecuada ao peso e tamaño dos animais ( un mínimo de 50 mm para leitóns e leitóns destetados e 80 mm para porcos de produción, porcas e porcas xoves despois da cubrición). Cando os animais se manteñen temporalmente en recintos individuais (enfermos ou agresivos), poden darse a volta facilmente (excepto que haxa unha instrución do veterinario en contra).
98. As porcas e porcas novas mantidas e grupos aliméntanse mediante un sistema que garanta que cada animal poida comer suficientemente, aínda en presenza doutros animais que compitan pola comida.
99. As porcas novas, porcas post-destete e porcas xestantes reciben unha cantidade suficiente de alimentos ricos en fibra e con elevado contido enerxético.
100. O ruído continuo no recinto de aloxamento non supera os 85 dB.
101. Os animais dispoñen de polo menos 8 horas diarias de luz cunha intensidade mínima de 40 lux.
102. Os animais dispoñen de acceso permanente a materiais que permitan o desenvolvemento de actividades de investigación e manipulación ( palla, feo, madeira, serraduras, ou outro material apropiado).
103. Todos os porcos aliméntanse unha vez ao día e en caso de alimentación en grupo, os porcos teñen acceso simultáneo aos alimentos.
104. Todos os porcos de máis de dous semanas teñen acceso permanente a unha cantidade suficiente de auga fresca.
105. Acreditase que antes de efectuar a redución de dentes adoptáronse medidas para corrixir as condicións medioambientais ou os sistemas de xestión e evitar que os porcos se mordan o rabo ou outras condutas irregulares. No caso de que os leitóns, a redución de dentes non se efectúa de forma rutineira , se non unicamente cando existan probas de que se produciron lesións nos tetos das porcas ou orellas ou rabos doutros porcos. Realízase antes do 7º día de vida por un veterinario ou persoal debidamente formado e en condicións hixiénicas.
106. Acreditase que antes de efectuar o raboteo adoptáronse as condicións medioambientais ou os sistemas de xestión e evitar que os porcos se mordan o rabo ou outras condutas irregulares. O raboteo non se efectúa de forma rutineira. Si se realiza nos sete primeiros días de vida, o fai un veterinario ou outra persoa debidamente formada, en condicións hixiénicas. Tras ese lapso de tempo, solo pode realizala un veterinario con anestesia e analxesia prolongada.





107. A castración dos machos efectúase por medios que non sexan de desgarrar tecidos, por un veterinario ou persoa debidamente formada, en condicións hixiénicas e si se realiza tralo 7º día de vida, o leva a cabo un veterinario con anestesia e analxesia prolongada.
108. As celas de berróns sitúanse e constrúense de forma que os berróns poidan darse a volta, oír, ulir e ver aos demais porcos e que a superficie do solo libre é igual ou superior a 6 metros cadrados (se nos recintos tamén se utilizan para a cubrición, a superficie mínima é de 10 metros cadrados).
109. En caso necesario as porcas xestantes e porcas novas son tratadas contra os parasitos internos e externos (comprobar as anotacións dos tratamentos antiparasitarios no libro de tratamentos da explotación).
110. As porcas dispoñen antes do parto de suficiente material de crianza, cando o sistema de recollida de esterco líquido utilizado o permita.
111. Os leitóns dispoñen dunha superficie de chan que permita que todos os animais se deiten ao mesmo tempo, e que dita superficie sexa sólida ou con material de protección.
112. Os leitóns son destetados con catro semanas ou máis de idade; se son trasladados a instalacións adecuadas, poder ser destetados sete días antes.
113. Leitóns destetados e porcos de produción (porcos xoves e porcos de cría). Cando os porcos se crían en grupo, adóptanse as medidas que preveñan as pelexas, que excedan o comportamento normal.
114. Leitóns destetados e porcos de produción (porcos xoves e porcos de cría) O uso de tranquilizantes é excepcional e sempre previa consulta co veterinario.
115. Leitóns destetados e porcos de produción (porcos xoves e porcos de cría). Cando os grupos sexan mestura de leitóns de diversa procedencia, o manexo permita a mestura a idades curtas.
116. Leitóns destetados e porcos de produción (porcos xoves e porcos de cría) : Os animais especialmente agresivos ou en perigo a causa das agresións, mantéñense temporalmente separados do grupo.
  - a. Porcas e porcas novas, adóptanse as medidas que minimizan as agresións nos grupos.

#### **EXPLORACIÓNS GANDEIRAS**

- **Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (artigo 4**
117. Os animais están coidados por un número suficiente de persoal con capacidade, coñecementos e competencia profesional suficiente.
  118. Os animais cuxo benestar esixe unha atención frecuente son inspeccionados unha vez ao día, como mínimo.
  119. Todo animal que pareza enfermo ou ferido recibe inmediatamente o tratamento adecuado, consultando ao veterinario si é preciso.
  120. En caso necesario dispónse dun local para o illamento dos animais enfermos ou feridos, que conte con cama seca e cómoda.
  121. O gandeiro ten rexistro de tratamentos médicos e este rexistro (ou as receitas que xustifican os tratamentos, sempre e cando estas conteñan a información mínima requirida no Real Decreto 1749/1998) mantense cinco anos como mínimo.
  122. O gandeiro rexistra os animais atopados mortos en cada inspección, no apartado de baixas no libro de rexistro da explotación, e este rexistro mantense tres anos como mínimo.





123. Os materiais de construción cos que contactan os animais poden limpase e desinfectarse a fondo, non lles causan prexuízo, non presentan bordes afiados nin saíntes que poidan causar feridas aos animais, e cos animais se manteñen de forma que non sofren danos.
124. As condicións medioambientais dos edificios ( a ventilación, o nivel de po, a temperatura, a humidade relativa do aire , e a concentración de gases) non son nocivas para os animais.
125. Os animais non se manteñen na escuridade permanente, nin se expoñen permanentemente á luz artificial sen unha interrupción adecuada, a iluminación coa que contan satisfai as necesidades fisiolóxicas e etolóxicas dos animais e se dispón da iluminación axeitada (fixa ou móbil) para poder inspeccionar os animais en calquera momento.
126. Na medida en que sexa necesario e posible, o gando mantido ao aire libre protéxese contra as inclemencias do tempo, os depredadores e o risco de enfermidades.
127. Todos os equipos automáticos ou mecánicos indispensables para a saúde e o benestar animal (alimentación, bebida, ventilación) sexan inspeccionados polo menos unha vez ao día.
128. Cando a saúde e o benestar dos animais dependan dun sistema de ventilación artificial, estea previsto un sistema de emerxencia apropiado, que garanta unha renovación de aire suficiente no caso de fallo do sistema, e que existe un sistema de alarma para o caso de avaría e verifícase regularmente que o seu funcionamento é correcto.
129. Eliminado (incluído no 128)
130. Os animais reciben unha alimentación sa, adecuada a súa idade e especie e en cantidade suficiente, e que non se da aos animais alimentos ou líquidos que lles ocasionen dano ou sufrimento.
131. Todos os animais teñen acceso ao alimento e auga en intervalos adecuados as súas necesidades, e teñen acceso a unha cantidade suficiente de auga de calidade adecuada ou poden satisfacer a súa inxestión líquida por outros medios.
132. Os equipos de subministro de alimentos e auga concíbense e sitúanse de forma que se reduza a contaminación dos mesmos e que a competencia entre animais se reduza ao mínimo.
133. Non se mantén a ningún animal na explotación con fins gandeiros que lles poida supor consecuencias daniñas para o seu benestar, nin se usan procedementos de cría, naturais ou artificiais, que ocasionen ou podan ocasionar sufrimentos ou feridas a calquera dos animais afectados. Os animais non teñen limitada a capacidade de movemento de forma que que lles evita sufrimento ou dano innecesario, e se, por algunha causa xustificada, hai algún animal atado, encadeado ou retido, continua ou regularmente, se lle proporciona espazo suficiente para as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas. Cúmrese a normativa vixente en materia de mutilacións. Non se administra a ningún animal ningunha outra substancia, a excepción das administradas cos fins terapéuticos ou profilácticos ou para tratamento zootécnico tal e como se define no apartado 2 da letra c) do apartado 2 do artigo 1 da Directiva 96/22/CEE, a menos que os estudos científicos de benestar animal ou a experiencia adquirida demostren que a substancia non resulta daniña para a saúde e o benestar do animal.

